

- **PARTICIPANTES:** poderán apuntarse, por parellas, todos os alumnos do centro que así o desexen. A única condición é que ambos membros estean matriculados no IES Nº 1 no curso 2017-18.
- **INSCRICIÓN:** ata o día 9 de febreiro de 2018. Para inscribirse teredes que cubrir a ficha que aparece nesta folla e entregala en secretaría.
- **PREMIO:** dous días enteiros dedicado a aventuras como raftin, cinta de equilibrio, escalada, sendeirismo,...
- **Nº DE PREMIOS:** 20 PERSOAS (10 PARELLAS) DISFRUTARÁN DESTE MAGNÍFICO PREMIO...
- **PUNTUACIÓNS:** poderán consultarse na aula virtual a medida que se vaian realizando as probas.

A VIII Olimpíada matemática, como vén sendo habitual, consta de tres fases:

FASE I: FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA

Entre o luns 19 e o venres 23 de febreiro, deberedes colgar na aula virtual unha fotografía que vós mesmos fixerades e pórle un título que poña de manifesto a súa relación coas matemáticas.

O xurado comprobará (grazas ás propiedades da foto enviada) que fora sacada ao longo deses días, ademais valorará a orixinalidade (da foto e do título) e a relación coas matemáticas.

O xurado reunido de maneira presencial outorgará entre os 0 e os 10 puntos a cada unha das fotos presentadas. O xurado resérvase o dereito de eliminar algunha foto por considerala inapropiada.

Aquelas parellas que non presenten ningunha foto en prazo, inmediatamente quedarán eliminadas da Olimpíada e non poderán participar nas seguintes probas.

FICHA DE INSCRICIÓN


PARTICIPANTE Nº 1: _____ CURSO: _____

PARTICIPANTE Nº 2: _____ CURSO: _____

NOME DA PARELLA DURANTE A OLIMPÍADA: _____

DATA E HORA DE ENTREGA DESTA INSCRICIÓN: _____

ASINAN: _____



FASE II: PISTA A PISTA

Entre o luns 5 e o venres 9 de marzo, levarase a cabo esta proba (que xa é un clásico da nosa olimpiada). Cada un destes días publicarase (na aula virtual, na biblioteca e na porta do departamento de ciencias) unha pista sobre un personaxe e unha pista sobre un lugar. Se acertas no primeiro día sumarás cinco puntos, si acertas no segundo catro,... pero se fallas restarás un punto á túa conta.

Só poderás dar unha resposta diaria (unha para o personaxe e unha para o lugar)

A puntuación oscilará entre os -10 e os 10 puntos.

As parellas que non aporten ningunha resposta para o personaxe ou para o lugar, inmediatamente quedarán eliminadas da Olimpiada e non poderán participar nas seguintes probas.

FASE III: XINCANA

A data desta proba queda pendente de fixar (posiblemente sexa o martes 17 de abril), en función da cantidade de alumnos que se apunten.

Ao longo desa tarde, dende as 16:00 horas ás 18:30 horas, todos aqueles participantes terán que enfrontarse a probas de enxeño matemático que se realizarán en diversos lugares do noso instituto. Os que queiran gañar o premio deberán resolver o mellor que poidan ata dez probas que os seus profesores lles indicarán ao longo desa tarde. A astucia e a rapidez poderán marcar a diferenza...

A puntuación desta proba oscilará entre os 0 e os 10 puntos.

Se dúas parellas chegan empatadas ao final, o tempo empregado na xincana será o que marque o desempate.

Nesta proba quedarán eliminados aquelas parellas que non se presenten na liña de saída a recoller a primeira proba ou aquelas parellas que abandonen o recinto escolar.

MOITA SORTE